


AS LINGUAS DA PENÍNSULA IBÉRICA.

Os tres estados –Portugal, España e Andorra–, constitúen un bo exemplo da diversidade lingüística existente en Europa e no mundo.

- Andorra é oficialmente monolingüe en catalán pero, debido ao contacto cos estados veciños e ao alto índice de turismo, presenta unha importante variedade de linguas (francés, castelán, portugués etc.) nun territorio moi reducido canto á súa extensión.
- Portugal, a pesar de ser un territorio bastante máis extenso, é practicamente monolingüe, aínda que conta con dúas linguas oficiais: o portugués en todo o Estado e o mirandés circunscrito a Miranda do Douro.
- No Estado español, coexisten sete linguas cunha extensión, vitalidade e recoñecemento legal moi distintos.





As linguas do Estado español

Cerca da metade dos cidadáns que habitan no territorio do Estado español reside en áreas xeográficas onde o castelán convive con outra lingua propia desa área. En total, as linguas faladas no Estado español son **sete**: galego, asturleonés, castelán, éuscaro, aragonés, catalán e aranés. Todas elas son linguas románicas ou neolatinas, é dicir, derivan do latín, agás o éuscaro, de orixe descoñecida, pero que se falaba xa na Península antes da chegada dos romanos.

Tal como establece a Constitución Española no seu artigo terceiro, o castelán é a única lingua oficial en **todo o Estado**.

As linguas de España diferentes do castelán, para que sexan consideradas cooficiais nos seus territorios, teñen que ser recoñecidas como tales nos respectivos estatutos de autonomía. De aí que a súa situación legal varíe moito segundo os casos. Como se pode observar na seguinte táboa, incluso unha mesma lingua falada en varias comunidades pode ter recoñecemento legal nunha delas e non noutra (caso do galego e o catalán). Dúas das sete linguas de España, o asturleonés e o aragonés, non teñen status legal de cooficialidade en ningunha das comunidades onde se falan.

Todas as comunidades que recoñecen a cooficialidade das súas linguas propias aprobaron respectivas **leis de normalización lingüística**, co fin de promover e regular o seu coñecemento e o seu uso, compensando a situación de inferioridade en que se atopan con respecto á lingua estatal (o castelán). Así, temos as leis de normalización lingüística de Euskadi (novembro de 1982), Cataluña (abril de 1983), Galicia (xuño de 1983) e Illas Baleares (xuño de 1986); a Lei sobre uso e ensino do valenciano (novembro de 1983) e a Lei foral do vascuence de Navarra (decembro de 1986). Todas elas teñen estrutura e contidos

semellantes, aínda que no caso de Cataluña foi substituída pola Lei de política lingüística, aprobada en xaneiro de 1998.

O catalán

Falado por algo máis de dez millóns de persoas.

Posúe trazos como a perda de vogais finais átonas (llet, fill...). Os artigos ou o sistema pronominal son moi semellantes aos do castelán. Mantén as oclusivas xordas sen sonorizar en posición final, tras a perda da vogal (edat, estat...), simplifica o grupo -ND- (segona, manar... [segunda, mandar]) e L- inicial evoluciona a ll- (lluita, llengua...).

É oficial en Cataluña, Illas Baleares, Comunidade de Valencia (alí coñécese como valenciano, presentando unha normativa e características algo diferentes) e tamén se fala na franxa oriental de Aragón, Andorra (onde é a lingua oficial), Rosellón (Francia) e a cidade de Alger (Cerdeña, Italia), é dicir, en catro estados. Agás en Cataluña, Andorra e Baleares, o catalán corre perigo debido á presión secular das linguas estatais de España, Francia e Italia.

O catalán posúe unha rica tradición literaria dende a Idade Media. En Cataluña a recuperación do idioma en todas as funcións da vida social é unha realidade, debido a unha activa política lingüística e ao prestixio social e cultural derivado do feito de ser a lingua asociada á burguesía. A pesar da alta inmigración que hai en Cataluña, o seu sistema educativo, con todas as materias en catalán agás lingua e literatura castelá, consegue que os fillos dos inmigrantes aprendan a lingua propia do país dende pequenos e de xeito progresivo. Este tipo de programas educativos recibe o nome de **inmersión lingüística**.

O valenciano

O catalán falado na Comunidade Valenciana recibe o nome de valenciano.

Catalán

O éuscaro ou vasco

Fálano máis de **seiscentas mil** persoas en Euskadi, no norte de Navarra e no País Vasco francés (Iparralde).

Clasifícase como lingua illada, é dicir, sen relación de pertenza con ningunha familia lingüística coñecida. É unha lingua aglutinante, non ten xénero gramatical, ten tres paradigmas de número (singular / plural / indeterminado) e ten casos.

Nas últimas décadas, a política lingüística do goberno vasco conseguiu que se incrementase sensiblemente o número de persoas que posúe competencia lingüística en éuscaro, ao tempo que se produciu un notable aumento da produción literaria e o emprego do idioma en todos os ámbitos, usos e funcións. Non obstante, a extensión do éuscaro vese limitada na práctica debido á gran distancia lingüística que existe entre esta lingua e as demais linguas da Península (todas románicas). Isto provoca problemas de adquisición da competencia, non só activa, senón tamén pasiva (capacidade de comprensión), o que non ocorre nas outras

comunidades bilingües de España. En consecuencia, o principal obxectivo da súa política lingüística a curto prazo é a euscaldunización de toda a poboación, no sentido de que todos os seus habitantes sexan capaces de entender e falar a lingua propia. Deste xeito, conseguiron mellorar a competencia e o seu uso como lingua habitual e reverter a perda da transmisión lingüística. En Francia, pola contra, carece de calquera recoñecemento oficial.

Éuscaro

O asturiano

O asturleonés só goza de recoñecemento oficial en Miranda do Douro (Portugal), desde o ano 1999 (quinze mil falantes), mentres que en España unicamente se establece que será obxecto de protección e promoción. No Estado español úsase principalmente en Asturias, onde conta cuns cen mil falantes. No ensino só existe a posibilidade de estudar asturiano como materia optativa, a pesar do cal presenta un alto nivel de escolarización: case o 80 % en primaria e máis do 30 % en secundaria. En 1980 creouse a Academia de la Llingua Asturiana, que elaborou unha normativa ortográfica. Tamén se fala no norte e noroeste de León, así como na Seabra zamorana, pero nestas zonas a situación é peor.

Algunhas características propias son a ditongación de e /o breves latinos, formas particulares do verbo ser (ye, yera...), o peche do -o final para -u (mozu, perru...) ou a palatalización do L- inicial en ll- (llobu, llingua...).

Asturiano

O aragonés

Igual que ocorre co Estatuto de Asturias, no de Aragón non se fala de cooficialidade do aragonés e castelán, senón de «protección» das «linguas e modalidades lingüísticas propias». O aragonés está en franca regresión, pois só sobrevive como lingua familiar e coloquial na metade norte da provincia de Huesca, sobre todo nos vales pirenaicos, onde o falan unhas **once mil** persoas. Cada vez ten menos presenza no ensino, onde só se pode estudar de forma voluntaria. Trátase dunha lingua en «perigo de extinción».

As oclusivas xordas intervocálicas latinas (-P-, -T-, -K-), que sonorizan en todas as linguas romances da península, mantéñense en certas palabras do aragonés, como ripa ou foratar [pendente, esfuracar]; mantén, como o catalán e o aranés, os grupos latinos iniciais PL-, CL- FL- (pluja, clau... [chuvia, chave]).

Aragonés

O aranés

Nome que recibe a lingua occitana falada no Val d'Arán (Pireneos), na provincia de Lleida.

Está moi próximo ao catalán. En xeral o occitano e mais o catalán comparten fenómenos evolutivos e léxico, pois os dous forman parte do grupo occitanorromance. Trazos

particulares son que o -l final vocalízase: *meu* (mel) e que o -ll- intervocálico deu -r-
era (ela)<ILLA

É lingua cooficial non só no Val senón en toda Cataluña, xunto co catalán e o castelán. No Val d'Arán está presente en todos os niveis de ensino obrigatorio como materia e como lingua vehicular. En cambio, ten escasa presenza nos medios de comunicación (carece por exemplo dunha canle de televisión propia). Aínda que nos últimos tempos perdeu falantes, nel reside o futuro do occitano, xa que a situación desta lingua en Francia, sen recoñecemento legal, é moi precaria.

Aranés

A LUSOFONÍA

Ata o s-XIV o galego-portugués era unha soa lingua (ata o río Douro), orixinada a partir do latín vulgar traído dos romanos. Debido a causas políticas (separación de Portugal no XII) foron distanciándose, se ben a base común é amplísima, ata o punto de existir na actualidade unha corrente que aposta pola escrita reintegracionista (similar ao portugués na ortografía). Mentres Galiza se empobrecía e do monolingüismo inicial na Idade Media foi pasándose ao uso diglósico, o portugués erixiuse como lingua dunha metrópole colonial e con gran desenvolvemento cultural e literario.

As grandes diferenzas co portugués están na escrita (o estándar galego non recolle lh, nh ou ç), na fonética (con máis parecido co portugués do Brasil) e no léxico (no caso galego con moita influencia do castelán).

Definimos a lusofonía (tamén coñecido como “comunidade lusófona”) como un espazo humano baseado nunha comunidade constituída por unha poboación de cerca de 200 millóns de persoas. É un conxunto heteroxéneo no que encadraríamos a Portugal e as súas antigas colonias, Brasil, Angola, Mozambique, Cabo Verde, Guiné Bissau e Santo Tomé e Príncipe. Dalgunha maneira, Galiza tamén formaría parte deste espazo lingüístico e cultural, igual que outros pequenos territorios (p.ex. Macao en China). Nos países africanos, o portugués comparte espazo con outras linguas nativas (moitas veces son máis faladas, aínda que non sexan oficiais) e tamén con crioulos (combinación dunha lingua europea con elementos das linguas autóctonas), como sucede en Cabo Verde.

É dicir, na lusofonía converxen territorios e comunidades unidos por lazos históricos e por canles de identidade que teñen un vínculo forte e común, a lingua portuguesa, coas súas diversas posibilidades de realización e de actualización. O portugués é máis falado ca o francés ou o ruso. Apenas un 5% dos que falan portugués residen en Portugal, de xeito que a maioría vive en Sudamérica (85%) e África-Asia (10%). Para Galicia, este espazo lusófono é unha oportunidade lingüística (a grandes trazos comprendemos portugués e con moi pouco esforzo podemos falalo), cultural e mesmo económica. Permítenos achegarnos a máis de 200.000.000 de falantes. Por un lado, Brasil é un dos países máis grandes e máis poboados, por outro, as relacións con Portugal son moi estreitas, pola proximidade e a historia e tradicións compartidas.

Son fenómenos específicos do galego e do portugués a caída do L e N intervocálicos (ceo, lúa, ter...), a simplificación do duplo ele -LL- e duplo ene -NN- (cabelo, cana...), a evolución de AU a ou (pouco, ouro...); en xeral, os ditongos decrecentes: primeiro, beira..., ou a conformación dun infinitivo conxugado (de moito rendemento).

Portugués

	Galego e portugués	Astur-leonés	Castelán	Aragonés	Aranés	Catalán
Caída do -N- e do -L- intervocálicas	Si <i>boa saúde ceo / céu</i>	Non <i>bona salú cielu</i>	Non <i>buena salud cielo</i>	Non <i>buena salut ciel</i>	Só nalgúns casos <i>bona salut cèu</i>	Non <i>bona salut cel</i>
Ditongación das vogais breves	Non <i>porta sempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Si <i>puerta siempre</i>	Non <i>pòrta tostemp</i>	Non <i>porta sempre</i>
Evolución de PL-, FL-, CL-	Palatalizan en ch chamar chuvia	Palatalizan en ll llamar lluvia	Palatalizan en ll llamar lluvia	Consérvanse <i>clamar plevia</i>	Consérvanse <i>clamar ploja</i>	Consérvanse <i>clamar pluja</i>
Desaparición do F-inicial	Non <i>fillo</i>	Non <i>fiu</i>	Si <i>hijo</i>	Non <i>fillo</i>	Si <i>hìlh</i>	Non <i>fill</i>
Palatalización de L-inicial	Non <i>lúa</i>	Si <i>lluna</i>	Non <i>luna</i>	Non <i>luna</i>	Non <i>lua</i>	Si <i>lluna</i>
Perda de vogais átonas finais	Non <i>doce</i>	Non <i>dulce</i>	Non <i>dulce</i>	Non <i>dulce</i>	Si <i>doç</i>	Si <i>dolç</i>

Diferenzas entre galego e portugués actuais:
• Nivel fonético: –O galego perde as vogais nasais que aparecían na lingua medieval, en tanto que o portugués mantén algunhas delas: <i>irmán</i> (gal.) / <i>irmão</i> (port.); <i>man</i> (gal.) / <i>mão</i> (port.). –O galego perde a oposición sonora/xorda no grupo das sibilantes, que existía na lingua medieval e que conserva o portugués; así, mentres en galego só queda a fricativa alveolar xorda /s/ (<i>paso, rosa</i>), en portugués consérvase a oposición xorda (<i>passo</i>) / sonora (<i>rosa</i>). O mesmo ocorre coas fricativas palatais: mentres en galego só se conserva a xorda (<i>peixe, hoxe, xente</i>), o portugués distingue a palatal xorda (<i>peixe</i>), da sonora (<i>hoje, gente</i>). –O portugués perdeu a africada palatal xorda /ts/ que pasou a realizarse como fricativa, malia conservar a mesma grafía (en portugués <i>chorar</i> pronúnciase /ʃorar/, non sendo en realizacións dialectais miñotas ou trasmontanas, próximas a Galicia, onde se conserva a realización como africada). • Nivel morfosintáctico:

–O galego moderno distingue *te* / *che* para o pronome complemento de segunda persoa de singular, segundo sexa CD ou CI, respectivamente, mentres que no portugués só se conserva o *te*, coma na época medieval.

–Con respecto aos pronomes, cómpre destacar tamén a especificidade galega do dativo de solidariedade, inexistente en portugués.

–Xeneralización dos alomorfos *no(s)* / *na(s)* despois das formas verbais rematadas en ditongo (*matouno*, *canteino*).

–Tamén hai diferenzas nalgúns desinencias verbais: se o galego resolve en *-che(s)* a segunda persoa singular do perfecto (*cantaches*), o portugués faino en *-te* (*cantaste*); na segunda persoa plural do presente o galego prefere *-des* (*cantades*) en vez do *-is* portugués (*cantais*).

Presenza das linguas territoriais minorizadas no sistema educativo (secundaria)

Galego	Galicia	Lingua vehicular en modelo “plurilingüe”: do 33% ao 50% ; prohibida en Matemát., Tecnol. e Física e Quím.
	O Bierzo e Sanabria	Materia optativa ou extraescolar en 4º ESO e Bacharelato. Opcionalmente, lingua vehicular de Xeografía e Hª.
Astur-leonés	Asturias	Materia optativa (obrigatoria en Primaria).
	Miranda do Douro	Materia optativa .
Éuscaro	Euskadi e Navarra	Modelo co éuscaro como materia / modelo con predominio do éuscaro / modelo de inmersión [maioritario].
Aragonés	Aragón	Proxectos lingüísticos voluntarios en determinados centros, con ata 3 períodos lectivos semanais.
Aranés	Val de Arán	Lingua vehicular en modelo de inmersión , con presenza do aranés, catalán e castelán.
Catalán	Cataluña	Lingua vehicular en modelo de inmersión , “garantindo o dominio oral e escrito do catalán e do castelán”.
	Illas Balears	Lingua vehicular en modelo tendente á inmersión (presenza mínima do catalán: 50%).
	Valencia	Lingua vehicular en modelo “plurilingüe” (presenza do catalán valenciano do 25% ao 65%).
	Franxa de Aragón	Proxectos lingüísticos voluntarios con ata 3 períodos lectivos semanais.

Feito a partir dos seguintes materiais:

Xerais, *Lingua e literatura 1º Bacharelato*.

Rodeira, *Lingua e literatura 2º Bacharelato*.

Traballo elaborado por Noemi Pazó.

Traballo elaborado por Nacho Rodiño.

Aula virtual do IES Milladoiro.